



**SERVICIOS Á CIDADANÍA**  
**Administración Local.**

NOTA INFORMATIVA DE CCOO DO EXMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO  
A tódolos medios de comunicación:

Dende CCOO queremos, a través de vos, os medios de comunicación, manifestar o noso malestar co goberno municipal que dende que se iniciou esta legislatura non fai máis que dar bandazos na política de persoal vulnerando leis e acordos que van producindo danos nas relacións laborais cos empregados municipais. Os máis sangrantes desenvolveremos neste documento/protesta para que a cidadanía do Carballiño o coñeza de primeira man e o Concello poida volver o camiño da negociación e o do cumprimento dos acordos existentes.

Primeiro.- Incumprimento dos artigos 46.4 e 61 do Convenio Colectivo asinado no 2018 e publicado no BOP do 27 de Febreiro de 2018 no referente a non contratación do seguro de accidentes e incapacidades así como o fondo de garantía social. Todo isto manifestouse e requeriuse pola Inspección de traballo a instancias de CCOO.

Segundo.- Retraso do pago das nóminas dos traballadores que por convenio colectivo debe de estar ingresado nas contas dos traballadores municipais o penúltimo día hábil de cada mes.  
Xa que o concello do Carballiño actualmente conta cun interventor compartido e que acude as dependencias municipais soamente un día á semana.

Terceiro.- Incumprimento da LPRL (Lei Prevención de Riscos Laborais) non dotando de EPIS (Equipos de Protección Individual) tan necesarios para a realización dos traballos encomendados. Estes puntos xa se manifestaran tamén pola inspección de Traballo.

Cuarto.- Incumprimento dos prazos para o abono da Productividade recollida no correspondente acordo.

Quinto.- Falta de recoñecementos médicos en tempo e forma tal e como obriga a LPRL (Lei de Prevención de Riscos Laborais).

Sexto.- Extrema suba dos pagos de horas extras nalgúns departamentos debida a falta de persoal, xa que non se están cubrindo os postos vacantes recollidos nos presupostos e/ou na RPT (relación de postos de traballo), padecendo os veciños e veciñas unha atención deficitaria dos servizos públicos.

Sétimo.- As continuas modificacións de crédito que atañen o capítulo I dos orzamentos municipais (gastos de persoal) para outros usos diversos.

Por todo isto agardamos que dende a CONCELLERIA de Personal e a ALCALDÍA se tomen as medidas oportunas para solventar todos estes incumprimento o antes posibles.

Gracias por o voso tempo e pola difusión deste comunicado.

Patricia Nogueira Civeira  
Presidenta do Comité de Empresa  
do EXCMO CONCELLO DO CARBALLIÑO

Juan José Iglesias Muleiro  
Secretario do Comité de Empresa  
do EXCMO CONCELLO DO CARBALLIÑO

O Carballiño, 3 de DECEMBRO de 2024